

ACTA DA 2ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE AGOSTO DE 2018 DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA OBRA “REURBANIZACIÓN E AMPLIACIÓN DA ALAMEDA E XESTIÓN INTELIXENTE DE INFRESTRUTURAS DA ALAMEDA”

Na Sala de Reunións da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 10:15 horas do día 5 de setembro de 2018, reúnense os integrantes da Mesa de Contratación que se constitúe para proceder á comprobación da subsanación da documentación administrativa e traslado aos técnicos municipais da oferta con criterios sometidos a xuízo de valor, para que emitan o informe no prazo máximo de 7 días a contar dende o seguinte a esta reunión, correspondentes ao contrato da obra “Reurbanización e ampliación da Alameda e xestión intelixente de infraestruturas da Alameda”, que de seguido se relacionan, manténdose o quórum establecido na Disposición adicional 2 punto 7 e o artigo 326.6 da Lei de Contratos do Sector Público:

PRESIDENTE:

- A Sra Alcaldesa en funcións, D^a. Amalia Goldar Cora.

VOGAIS:

- Dona Lucía Artime Alonso, Secretaria Municipal
- Dona Rosa María Méndez Aragunde, Interventora Accidental
- D. Daniel Órrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal.

SECRETARIA DA MESA:

- Dna. Gisela Rey Baltar, Auxiliar Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Pola Secretaria Municipal indícase aos membros da Mesa que, de conformidade co acordado na reunión celebrada o día 22 de agosto de 2018 na que se procedeu a examinar a documentación administrativa incluída no sobre A, compróbase que as empresas MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L., COPCISA S.A., OGMIOS PROYECTOS S.L. e a UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO S.A., non presentaron o compromiso de adscrición de medios persoais o materiais de acordo co indicado na cláusula 16 (solvenza Técnica) e relacionados no **apartado R do Cuadro de Características Técnicas**

Polo tanto, a Mesa, considerando que se trataba dunha omisión enmendable, requiríuselle ás indicadas empresas, concedéndolles un prazo de tres días hábiles contados dende a recepción da comunicación para que, no caso de seguir interesadas neste procedemento, aportaran a indicada documentación.

Durante o prazo concedido ao efecto todas as empresas subsanan correctamente a documentación requirida.

Neste momento incorpórase á Mesa D. Enrique Ponte Clares, Arquitecto Municipal.

De seguido e xa en acto público, procédese á apertura da documentación que contén a parte da oferta evaluable a través de criterios de adxudicación cuia cuantificación dependa dun xuízo de valor e acorda pasala aos técnicos municipais D. Daniel Órrea Corral e D. Enrique Ponte Clares, para que emitan o informe de valoración, e unha vez feito o mesmo volverase a reunir a Mesa para dalo a coñecer e posteriormente á apertura dos sobres B (oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes). Este acto será anunciado no Perfil do

Contratante do Concello aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público indicando o día e a hora da reunión.

E non sendo outro o obxecto deste acto, dáse por rematado o mesmo sendo as dez horas cincuenta e cinco minutos do día do seu comezo.

A presidenta da Mesa,

A Secretaria da Mesa

(documento asinado dixitalmente á marxe)